

**CONCELLO
DE VIGO**



FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
VIGO



ENTROIDO 2025

Museo Liste Etnográfico de Vigo

Exposición temporal e actividade didáctica

18/3/2025—8/3/2025

ÍNDICE

Ficha técnica	3
O Entroido	4
A máscara	5
As máscaras recuperadas da tradición e as creadas	6
Imaxes	7
Agradecementos	8
Actividade didáctica	9
Información	10

**CONCELLO
DE VIGO**



FICHA TÉCNICA DA EXPOSICIÓN “MÁSCARAS RITUAIS IV”

TÍTULO

Máscaras rituais IV

DURACIÓN

Do 18 de febreiro ao 8 de marzo de 2025.

COMISARIA

Isabel Pousada

ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN

Museo Liste-Etnográfico de Vigo

DOCUMENTACIÓN

Victoria Vázquez, Isabel Pousada e Sonia Rodríguez

PEZAS

Arredor de 20 pezas (carautas, toucados e elementos propios de traxes de Entroido)

CONCELLO
DE VIGO



O ENTROIDO

Festa cíclica anual de incerta orixe na que se misturan e perviven elementos e ritualidades diversas e que precede á Coresma.

È unha festa colectiva e popular na que son protagonistas as mascaradas, fulións e comparsas e outros divertimentos bulideiros, nos que se permiten certas transgresións da orde vixente o resto do ano, xogando un papel de crítica e liberación de tensións presentes na comunidade.

A MÁSCARA

Posuidora dunha natureza máxica, ancestral, vencellada á historia do ser humano, que non se esgota no mero feito de ser un modo de ocultación da face. Conleva unha distorsión da realidade de quen a porta e da contorna na que actúa. Ao agochar o noso rostro, o que máis nos identifica, convértese nunha ferramenta liberadora e transformadora que transmuta a nosa personalidade a través do anonimato experimentando a condición de ser outro.

O título *Máscaras rituais*, evidencia que a ocultación do rostro prodúcese dende as nosas orixes con múltiples fins. Achamos máscaras en todas as culturas que simbolizan ou representan a deuses, tótems, protectoras, funerarias, bélicas, de danzas, de rango, de perpetuación,... cun carácter sagrado. En Grecia e Roma marcan o nacemento do teatro clásico e a perda do seu carácter relixioso. No Medievo incorpóranse ás festas e, actualmente, refúxianse no Entroido.

A **máscara galega** chega ata nós, sobre todo, da man do Entroido, ao que se incorpora ata conferirlle o seu sentido máis profundo, aglutinando no seu poder simbólico o ritual da personalización do Carnaval. Os estudosos ven nalgunhas das nosas máscaras restos de rituais meméticos ancestrais nos que se identifican co tótem ou animal sagrado, vestíndose e imitando o que fan; ritos purificadores, protectores, propiciatorios da fecundidade, da caza; de iniciación; mesmo, raíces celtas.

CONCELLO
DE VIGO



AS MÁSCARAS RECUPERADAS DA TRADICIÓN E AS CREADAS

No marco da celebración da festa cíclica anual do Entroido, o museo exhibe, como cada ano, unha escolma de máscaras e toucados protagonistas destas datas.

Destacamos este ano as máscaras recuperadas da tradición ou creadas recentemente que, co devir do tempo, pasarán a nutrir e enriquecer o acervo cultural do noso pobo.

Así, xunto cos icónicos protagonistas do triángulo máxico ourensán como Peliqueiros, Cigarróns e Pantallas, os espectaculares Boteiros, os «nosos» Merdeiros, e as preciosistas Madamas e Galáns, exhíbense este ano o Follateiro de Lobios, o Vixigueiro de Samede, o Cacharelo de Lalín e a Gárgola de Celanova.

CONCELLO
DE VIGO



Gárgola

Celanova
(Ourense)



Cacharelo

Lalín
(Pontevedra)



Follateiro

Lobios
(Ourense)

Vixigueiro

Samede
(A Coruña)



CONCELLO
DE VIGO



AGRADECEMENTOS

Esta exposición non sería posible sen a colaboración desinteresada de persoas e colectivos que nos contaxian a súa paixón polo Entroido e nos enriquecen coa súa sabedoría e habelencia.

A todos, o noso agradecemento:

Asociación Cultural Follateiros de Lobios (Ourense); Asociación Cultural Entroido de Samede (A Coruña); Concello de Celanova (Ourense); Asociación A Cacharela de Lalín (Pontevedra); Asociación de Fulións Rurais de Viana do Bolo (Ourense); Noelia Lameiro Cortegoso (Cobres, Pontevedra); Centro Social A Revolta (Vigo); Sabela Rodríguez Jardón; Familia Campos Gómez.

CONCELLO
DE VIGO



FUNDACIÓN LISTE
MUSEO ETNOGRÁFICO
V I G O

ACTIVIDADE DIDÁCTICA: “MÁSCARAS RECUPERADAS DA TRADICIÓN”

Dedicamos esta actividade ás máscaras protagonistas dos Entroidos galegos. Este ano as protagonistas son as máscaras recuperadas ou creadas recentemente.

Desenvolvemento:

- **Parte teórica:** orixe, evolución e liña temporal do Entroido con especial atención aos Vixigueiros de Samede, Follateiros de Lobios, Gárgola de Celanova e Cacharelo de Lalín.
- **Parte expositiva:** visita guiada e comentada á mostra “Máscaras rituais IV”
- **Parte práctica:** obradoiro de reprodución dunha máscara de Follateiro ou de Cacharelo (segundo franxas etarias).

Datas: do 18 de febreiro ao 8 de marzo.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de Infantil, Primaria e E.S.O. (de 3 a 16 anos).

**CONCELLO
DE VIGO**



INFORMACIÓN

TARIFAS

Visita á exposición temporal sen guía:

Entrada gratuíta.

Visitas guiadas á exposición temporal sempre para grupos (mínimo 10 persoas) previa solicitude:

Xeral: 2 €

Reducida: 1 € (para centros de ensino, inclúe á actividade didáctica)

HORARIOS

DE MARTES A SÁBADO: de 10:00 h. a 14:00 h.

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PECHADO: luns, domingos, festivos (agás 17 de maio, Día das Letras Galegas), 24 e 31 de decembro e Sábado de Gloria.

RESERVAS

986244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

<https://museoliste.org/blog>

